

# TODO PÚBLICO

## "TODO PÚBLICO ESCOLAR" PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS ESCOLARES

CURSO 2023/2024. PRIMAVERA 2024

### PROGRAMACIÓN PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

- Cada grupo deberá estar acompañado, polo menos, por unha persoa responsable do centro.
- A programación de **educación infantil** está pensada para escolares **a partir dos 4 anos**.
- **A capacidade máxima** será de 300 espectadores/as (incluído o profesorado); ou o que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.

En función das características do espectáculo e do nivel dos/as escolares, pódese producir unha redución da capacidade da sala.

#### ENTRADAS

**Prezo do billete de entrada: 2,00 € por alumna/o para o alumnado de todos os niveis; e gratuíta para o profesorado acompañante.**

#### RETIRADA E ABOAMENTO DAS ENTRADAS

1. As entradas deben ser retiradas e aboadas, no prazo que se asina no calendario que aparece a continuación.
2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaráselle as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
3. As entradas recolleranse no Forum Metropolitano, **con cita previa** (chamando ao teléfono 981 184 297). Recoméndase o pagamento mediante tarxeta de crédito.
4. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas ou aumentalas se quedan prazas vacantes.
5. Permitiranse un **máximo dun 10% de devolucions**, sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. **O importe será devolto ao termo da función.** No caso de que fosen aboadas con tarxeta de crédito haberá que presentala.
6. A factura seralle enviada ao centro escolar posteriormente á sesión.

## **ACCESO AO FÓRUM METROPOLITANO**

En autobús, acceda desde a Avda de Oza en sentido baixada para chegar á rúa Rio Monelos. Desta forma, os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Forum.

Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata a porta principal.

## **INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS**

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO.

## **BENVIDAS/OS AO TEATRO!**

Unha persoa representante da organización recibirá os grupos na entrada do edificio, indicarlles onde deben sentar no auditorio, permanecerá na sala en todo momento, organizará a saída ordenada e intentará solucionar as posibles incidencias que se poidan presentar.

## **PAUTAS A SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO**

- Vimos todas/os divertirnos e desfrutar do teatro, sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala. Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.
- A hora indicada na entrada é a hora de inicio da función. **AGRADECESE PUNTUALIDADE.** É aconsellable chegar ao Forum con 10 ou 15 min de antelación.
- Agradécese que a entrada e saída do edificio sexa en orde e no maior silencio posible, para evitar molestar ás persoas usuarias e traballadores do Forum.
- Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán ao auditorio portando cada unha a súa entrada.
- Unha vez que comece o espectáculo, non se permitirá o acceso ao auditorio.
- Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.
- Non está permitido comer nin beber (excepto auga) no auditorio.

## **MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS**

Realizarase limpeza e ventilación do auditorio antes e despois de cada función.

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade.

## ESPECTÁCULOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Espectáculo	Compañía	Nivel educativo	Datas	Horario	Duración	Fecha tope de abono
<b>PALABRAS</b>	Baobab Teatro (Galicia)	EI	1 e 2 febreiro 2024	10.00 e 12.00 h	45 min	26 xaneiro
<b>GAIA BABA, A MEIGA</b>	Nauta Teatro (Galicia)	1º, 2º, 3º, 4º EP	9 febreiro 2024	12.00 h	60 min	2 febreiro
<b>MONSTROS</b>	Producións Teatráis Excéntricas (Galicia)	5º e 6º EP	23, 27 e 28 febreiro 2024	Día 23 ás 12 h / días 27 e 28 ás 10.00 h	50 min	16 febreiro
<b>SÓ</b>	Xampatito Pato (Galicia)	3º, 4º, 5º e 6º EP	14 e 15 marzo 2024	10.00 e 12.00 h	50 min	8 marzo
<b>LA FÁBULA DE LA ARDILLA</b>	Companyia de Comediants La Baldufa (Cataluña)	EI, 1º e 2º EP	4 e 5 abril 2024	10.00 e 12.00 h	50 min	29 marzo
<b>PLANCTON</b>	Big Bouncers	3º, 4º, 5º e 6º EP	20 maio 2024	10.00 e 12.00 h	45 min	13 maio

TODOS LOS ESPECTÁCULOS SERÁN NO **FORUM METROPOLITANO**

## **PALABRAS de Baobab Teatro (Galicia)**

**1 e 2 de febreiro de 2024 – 10.00 e 12.00 h**

Dirixida a E. Infantil



"Palabras" é un espectáculo para enredar, rir e bailar, un espectáculo musical e teatral para os máis pequenos/as da casa onde a palabra e as brincadeiras están presentes para levarnos á tradición oral galega. "Palabras" nace da necesidade de darlle continuidade aos proxectos de investigación sobre a nosa lingua galega, "Puño Puñete" e "Ris Ras".

**Duración: 45 minutos**

**Espectáculo en galego**

Guión: Andrea Bayer

Dirección: Óscar Ferreira, Andrea Bayer

Elenco: Iria Pinheiro, Davide González

Música: Davide González

**GAIA BABA, A MEIGA de Nauta Teatro (Galicia) - [REESTREA](#)**

**9 de febreiro de 2024 – 12.00 h**

Dirixida a 1º, 2º, 3º, 4º de E. Primaria



O mundo, devorado polos residuos, perdeu a súa cor. Frío, gris e cuberto de desperdicios é reinado por unha terrible catástrofe: o lixo.

Seres sen piedade impóñense como amos incontestábeis dunha terra erma. Sen embargo, alguén queda neste falmaguento mundo. Alguén queda barrendo sen cesar as ondas de lixo que sempre voltan. Alguén queda sen dimitir dun propósito que parece inalcanzable. Alguén queda coa esperanza de que a natureza recupere os seus dereitos: **Gaia Baba, a última meiga.**

**Duración: 60 minutos**

**Espectáculo en galego**

Dirección e dramaturxia: Rafael Rey

Elenco: Carlos Gallardo, Raquel Garabal, Pilar Pingarrón

Monicreques: Rafael Rey

## MONSTROS de Producións Teatráis Excéntricas (Galicia) - ESTREA

23 de febreiro de 2024 – 12.00 h

27 e 28 de febreiro – 10.00 h

Dirixida a 5º e 6º de E. Primaria



No exterior dunha sinistra casa, catro personaxes miran por unha fenda. É unha visión terrible, pavorosa. Intúense seres saídos dos peores pesadelos agochados entre as sombras. O nervio e o terror apodéranse do ambiente, as palabras atropélanse nas bocas. Será certo que aquel lugar está habitado por un monstro? Si, iso parece. Pero como é?

**Monstros** é un espectáculo familiar que reflexiona sobre aquilo que consideramos monstruoso e que talvez por iso nos fai sentir terror. Mais faino desde o humor, porque a risa é o mellor antídoto contra o que nos asusta.

**Monstros** é o artefacto divertido que nos conta que aprender a convivir cos nosos medos axúdanos a entendernos a nós e ás demais persoas, a aceptar as nosas propias monstruosidades.

**Duración: 50 minutos**

**Espectáculo en galego**

Autoría e dramaturxia: Lucía Aldao, María Lado

Dirección: Marcos Orsi

Elenco: Rocío González, Víctor Mosqueira, Piti Sanz, Patricia Vázquez



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

## SÓ de Xampatito Pato (Galicia)

14 e 15 de marzo – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria



Un personaxe obsesivo, cuadrículado e meticuloso. Un ser único na súa especie arrodado dunha infinidade de caixas que escapan ao seu control e coas que xoga para darlle forma ao seu mundo. Do caos xorde un universo delirante onde inventa a risa, creando unha tolemia cómica e transformándose nun novo ser cunha nova figura.

**Duración: 50 minutos**  
**Espectáculo sen palabras**

Dirección: Arturo Cobas, Jesús Velasco  
Elenco: Jesús Velasco Otero

**2º Premio Panorama Circada 2019**

**Premio público Festival Malabharía 2020**

**Premio Festival MUECA 2023**

## LA FÁBULA DE LA ARDILLA de Companyia de Comediants La Baldufa (Cataluña)

14 e 15 de marzo – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a E. Infantil – 1º e 2º de E. Primaria



O grande ourizo vive placidamente á sombra dun gran carballo e coida dos seus, mentres goza do seu anaco de mundo. Mais un día esta paz verase perturbada pola chegada dun esquío amable, traste e xogador. A súa convivencia non será doada. Descubriremos un ourizo arisco e protector, e un esquío con ganas de saber e compartir. Unha das características das fábulas é que sempre acaban cunha conclusión moral. Por tanto, de que nos fala *La fábula de la ardilla*? Con este espectáculo, La Baldufa proponnos pensar, reflexionar e profundar na diferenza e a mestizaxe. O ourizo e o esquío son moi diferentes, mais teñen unha infinidade de oportunidades para aprender e compartir xuntos.

**Duración: 50 minutos**

**Espectáculo sen castelán**

Autoría: Jokin Oregi & La Baldufa: Enric Blasi, Emiliano Pardo, Carles Pijuan

Dirección: Jokin Oregi

Elenco: Ourizo: Carles Pijuan o Ferran López / Esquío: Emiliano Pardo o Enric Blasi

**Premio Nacional de Artes Escénicas para a infancia e a xuventude 2020**

**Premio á Mellor Producción, Feira de FETEN, Xixón, España, 2022**

**Premio ao Mellor Espazo Escénico, Feira de FETEN, Xixón, España, 2022**



## **PLANCTON de Big Bouncers (Cataluña)**

**20 de maio – 10.00 e 12.00 h**

Dirixida a E. Infantil – 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria



A partir do concepto do plancto, microorganismos imprescindibles para a existencia do planeta, esta peza de danza quere poñer en relevo a idea de que as cousas pequenas son fundamentais para a vida. O espectáculo propón mergullarnos a través do corpo e o movemento nun mundo onde todo é posible, onde as pequenas cousas toman unha gran relevancia. En Plancto tamén nos preguntaremos pola nosa relación como humanos cos seres diminutos que habitan baixa a auga.

**Duración: 45 minutos**

**Espectáculo sen palabras**

Dirección: Anna Rubirola

Elenco: Ursa Sekirnik, Mireia de Querol i Elena Lalucat, Ariadna Grau, Claudia Auzinger

